



XUNTA DE GALICIA



ACORDO DE COLABORACIÓN ENTRE A SECRETARÍA XERAL DA IGUALDADE DA VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E A CORPORACIÓN RADIO E TELEVISIÓN DE GALICIA, S.A.

Santiago de Compostela, 27 de novembro de 2018

REUNIDOS

Dunha parte, dona Susana López Abella, secretaria xeral da Igualdade, en virtude do seu nomeamento mediante Decreto 160/2016, do 24 de novembro (DOG n.º 226, do 25 de novembro), ao abeiro do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que se establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, e de acordo coa competencia atribuída na Orde 29 de decembro de 2017 sobre delegación de competencias na Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e noutros órganos da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza e entidades adscritas.

Doutra parte, don Alfonso Sánchez Izquierdo, director xeral da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., nomeado para o devandito cargo por Acordo do 4 de xaneiro de 2016, do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., en virtude das competencias e funcións atribuídas polo artigo 26 da Lei 9/2011, do 9 de novembro, dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia, e polo artigo 22 dos estatutos sociais.

As partes interveñen en función dos seus respectivos cargos, no exercicio das facultades que para convir en nome das entidades que representan teñen conferidas, recoñecéndose mutua e respectiva competencia e capacidade



suficiente para formalizar o presente acordo de colaboración e, para estes efectos

EXPOÑEN:

Primeiro.- A Secretaría Xeral da Igualdade, de acordo co establecido no artigo 6 do Decreto 74/2018, do 5 de xullo, polo que establece a estrutura orgánica da Vicepresidencia e da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, ostenta, entre outras, as funcións de impulsar as actuacións conducentes á promoción da igualdade e á eliminación da discriminación entre mulleres e homes, así como á eliminación da violencia de xénero nos termos establecidos na Constitución, no Estatuto de autonomía de Galicia, no Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma en materia de igualdade, na Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, e na demais lexislación aplicable na materia.

No exercicio destas funcións, a Secretaría Xeral da Igualdade promove accións de información, divulgación, sensibilización e formación no ámbito da igualdade entre mulleres e homes, así como tamén no ámbito da prevención e tratamento da violencia de xénero. Estas accións están dirixidas á sociedade en xeral e así, ao abeiro deste acordo, a Secretaría Xeral da Igualdade utiliza a canle da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. para levar a cabo esas accións considerando a súa utilidade pública e o seu interese social.

Segundo.- A actividade de comunicación audiovisual da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. inspírase, entre outros principios, na promoción activa da igualdade entre homes e mulleres, que inclúe a igualdade de trato e de oportunidades, o respecto á diversidade e á diferenza, a integración da perspectiva de xénero, o fomento de accións positivas e o uso de linguaxe non sexista. Polo anterior considera importante colaborar coa Administración Autonómica galega, co fin de promover a igualdade entre mulleres e homes e de loitar contra a violencia de xénero. A Corporación Radio e Televisión de Galicia,



S.A., pola súa capacidade e pola súa implantación en Galicia, é un medio idóneo para a difusión das accións de información, divulgación e sensibilización dirixidas á sociedade galega en xeral.

Terceiro.- O Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, conta cun capítulo específico sobre “Igualdade de oportunidades e medios de comunicación”, establecendo nos artigos 13 e 14 que a Xunta de Galicia, a través dos medios de comunicación de titularidade autonómica e a través daqueles nos que participe ou aos que subvencione, garantirá a transmisión dunha imaxe igualitaria, plural e non estereotipada das funcións das mulleres e dos homes na sociedade, así como tamén a emisión de programas tendentes a erradicar todas as formas de violencia de xénero, e a realización de campañas de sensibilización contra a violencia de xénero.

Pola súa banda, a Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero, dedica os seus artigos 9, 10 e 11 ao tratamento da violencia de xénero nos medios de comunicación. Nestes artigos prevese que a Xunta de Galicia garantirá que os medios de comunicación de titularidade pública, nomeadamente a agora denominada Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., e aqueles outros nos que participe ou financie, non emitan imaxes ou contidos que resulten contrarios á finalidade e ao espírito do propio Decreto legislativo 2/2015. Así mesmo, a Xunta de Galicia velará porque se ofrezca un tratamento axeitado das noticias sobre violencia de xénero.

Respecto da publicidade, establécese que nos medios de comunicación social con actuación no ámbito de Galicia evitárase a realización e difusión de contidos e anuncios publicitarios que xustifiquen ou banalicen a violencia de xénero, ou nos que se conteñan, tácita ou implicitamente, mensaxes misóxinas ou que atenten contra a dignidade das mulleres.

Cuarto.- A Secretaría Xeral da Igualdade e a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., consideran de interese o establecemento de accións conxuntas de



sensibilización en materia de igualdade e de loita contra a violencia de xénero. Con ditas accións cúmprese cun obxectivo de utilidade pública e de interese social, xa que se está a concienciar á sociedade sobre a importancia e a necesidade que supón a participación das mulleres en todos os ámbitos, así como tamén de erradicar calquera forma de violencia de xénero.

Polo tanto, xa que existe un interese mutuo coincidente, e para dar un axeitado cumprimento aos intereses xerais, as dúas partes subscriben este acordo consonte as seguintes

CLÁUSULAS

Primeira.- Obxecto

O presente acordo ten por obxecto establecer as condicións de colaboración entre a Secretaría Xeral da Igualdade e a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. (nas súas canles Televisión de Galicia e a Radio Galega), respecto das accións dirixidas á promoción da igualdade e á loita para a eliminación da violencia de xénero.

Segunda.- Compromisos das partes

Para a realización das accións obxecto do presente acordo, as partes asinantes asumen os seguintes compromisos:

A Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. comprométese a:

1. Potenciar a visibilidade e audibilidade das mulleres dentro da programación das canles da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., Televisión de Galicia e Radio Galega.
2. Utilizar unha linguaxe e/ou imaxes non sexistas, especialmente no ámbito da publicidade.



3. Prestar atención informativa ou dar cobertura a iniciativas que se promovan dende a Secretaría Xeral da Igualdade, como a conmemoración do Día Internacional para a eliminación da violencia de xénero e o Día Internacional da Muller.
4. Incluír o número de teléfono de información ás mulleres nos programas, reportaxes e/ou espazos relacionados co ámbito da promoción da igualdade e da loita contra a violencia de xénero.
5. Prestar especial atención, dentro dos espazos informativos, ás novas relativas aos delitos producidos por causa da violencia de xénero, incluíndo o número de teléfono de información ás mulleres.
6. Promover a creación de grupos de traballo, conxuntamente coa Secretaría Xeral da Igualdade, para o tratamento axeitado dos temas relacionados coa igualdade e coa loita contra a violencia de xénero na programación das canles da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., Televisión de Galicia e Radio Galega
7. Facer uso da información contida na base de datos “mulleres expertas” aos efectos de favorecer a visibilidade da actividade profesional feminina en todos os ámbitos.
8. Promover espazos sobre xénero, ciencia e tecnoloxía, dando cobertura informativa á entrega do premio María Josefa Wonenburger.
9. Promover nos seus plans anuais de RSC accións encamiñadas a promover a igualdade de oportunidades entre homes e mulleres.

Estas accións levaranse a cabo no período de vixencia do presente acordo, respectando os criterios reitores da dirección editorial da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., aprobados polo seu Consello de Administración.

Para a realización destes compromisos, a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. poderá solicitarlle á Secretaría Xeral da Igualdade o asesoramento que considere necesario.



A Secretaría Xeral da Igualdade, comprométese a:

1. Facilitarlle á Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., con antelación suficiente, a información precisa para desenvolver os compromisos establecidos nos apartados 7 e 8, así como calquera outra información e asesoramento necesarios cando así o demande.
2. Promover a creación de grupos de traballo, conxuntamente coa Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., para o tratamento axeitado dos temas relacionados coa igualdade e coa loita contra a violencia de xénero na programación das canles da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A., Televisión de Galicia e Radio Galega.
3. Realizar os materiais que se estimen necesarios no desenvolvemento das actividades dos grupos de traballo aos que se alude na presente cláusula deste acordo.
4. Promover e favorecer a formación en materia de igualdade entre mulleres e homes e de erradicación da violencia de xénero do persoal da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A.
5. Realizar o seguimento das actividades obxecto deste acordo.

Terceira.- Financiamento

O custo da execución das actividades que leva consigo o desenvolvemento deste acordo será asumida polas partes asinantes, segundo os compromisos establecidos por cada unha delas na cláusula segunda, sen que exista, ao abeiro do presente acordo, achega económica a favor de ningunha das partes.

Cuarta.- Seguimento e control

Constituirase unha comisión mixta, integrada, polo menos, por dúas persoas representantes por cada unha das partes que asinen o presente acordo, para velar polo cumprimento deste, avaliar a súa posta en marcha e resolver os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir.



Para a válida constitución da comisión mixta para os efectos das deliberacións e toma de decisións, requirirase a presenza de todas as persoas representantes, que adoptarán os seus acordos por maioría.

Nesta Comisión de seguimento poderán participar os membros do Consello de Administración da Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. que forman parte da comisión de contidos e de igualdade.

Quinta.- Publicidade e difusión

Este acordo será obxecto de publicación de conformidade co previsto no artigo 15 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, e no artigo 7 do Decreto 126/2006, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes do presente acordo comprométense a destacar a colaboración prestada en cantas actividades realicen para a difusión das accións previstas no acordo, así como incorporar o seu logotipo en cantos materiais se reproduzan e utilicen para a publicidade e difusión das actividades realizadas.

Sexta.- Relación laboral

A subscrición do presente acordo non supón relación laboral ou de calquera outro tipo entre as persoas encargadas de executar as actividades que constitúen o seu obxecto e a Secretaría Xeral da Igualdade, de tal xeito que non se poderá esixir a esta ningún tipo de responsabilidade polo actos ou feitos acaecidos no seu desenvolvemento, nin polos incumprimentos nos que puidera incurrir a Corporación Radio e Televisión de Galicia, S.A. nas relacións coas persoas traballadoras ás que se encomende a execución dos traballos.



Sétima.- Vixencia

O presente acordo terá vixencia desde a data da súa sinatura ata o 30 de novembro de 2019. Calquera das partes poderá denunciar o acordo cunha antelación mínima de 15 días á data da súa finalización. Esta finalización non afectará ao desenvolvemento e á finalización das actividades que estivesen executándose.

Oitava.- Modificacións

Os termos do presente acordo de colaboración poderán ser modificados de mutuo acordo entre as partes asinantes. A modificación incorporárase como parte inseparable do texto do acordo.

Novena.- Causas de resolución

Será causa de extinción o incumprimento das presentes cláusulas por algunha das partes, calquera que sexa o seu motivo. O dito incumprimento determinará a obriga de indemnizar, se é o caso, as outras partes asinantes polos danos e prexuízos ocasionados.

Tamén será causa de resolución, o mutuo acordo e a imposibilidade sobrevida de cumprir as actividades descritas.

Décima.- Normativa aplicable

O presente acordo rexerase pola Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno.

Décimo primeira.- Carácter administrativo

Este acordo ten carácter administrativo, séndolle de aplicación a exclusión recollida no artigo 4 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014.



XUNTA DE GALICIA

galicia

Dado o carácter xurídico-administrativo deste acordo, será a xurisdición contenciosa administrativa a competente para resolver as cuestións litixiosas que puidesen xurdir entre as partes durante a súa execución, sen prexuízo do previsto na cláusula cuarta respecto ao seu seguimento e control.

E para que conste aos efectos oportunos, en proba de conformidade, as partes asinan o presente acordo de colaboración, por duplicado exemplar, no lugar e data sinalados no encabezamento.

A secretaria xeral da Igualdade

O director xeral da CRTVG

Susana López Abella

Alfonso Sánchez Izquierdo